

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación Casdemiro: Julio Francisco Ogando Vázquez-Juliana Otero del Palacio* no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Cultura e Deporte, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro.

Terceiro.-Esta fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e a xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o proxecto de orzamento, con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula e a solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

*Orde do 8 de xuño de 2006 pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica.*

A recuperación da nosa memoria histórica é unha obriga institucional que ten que responder á demanda mantida durante décadas pola sociedade galega. Durante moito tempo, o maior esforzo recaeu en asociacións e particulares que desenvolveron un comprometido traballo de investigación e difusión de todo o que aconteceu despois do golpe militar de 1936. Grazas a ese esforzo xeneroso e xusto podemos agora tirar do fío da memoria e recoller un testemuño que loitou para que o silencio non fose total.

A declaración de 2006 por parte da Xunta de Galicia como Ano da Memoria obríganos tamén a recoñecer esas voces que se ergueron contra o esquecemento e decidiron, en tempos difíciles, que cumpría descubrir a verdade e contribuír ao seu coñecemento. En todo este tempo, e fundamentalmente nos últimos anos, agromaron asociacións e iniciativas particulares encamiñadas a lembrar os nomes e os espazos da represión, recoller as voces dos represaliados ou abrir os arquivos para atopar a documentación que confirmaba o alcance dos acontecementos ocorridos en Galicia. Maiormente, estes traballos fixéronse sen ningún apoio institucional, coa vontade persoal de quen os executaba, persoas convencidas de que era preciso un esforzo colectivo para un labor do que dependía o noso futuro.

A Consellería de Cultura e Deporte quere agora recoñecer a relevancia deste labor e apoiar as accións de recuperación da memoria histórica que neste ano organicen asociacións e particulares, tanto desde o ámbito da investigación como da homenaxe e a divulgación. Por todo isto

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

Convócanse subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro destinadas ao fomento da organización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, en especial, de investigación, de difusión e de homenaxe ás vítimas da represión despois de 1936.

Artigo 2º.-Imputación orzamentaria e contía.

1. As subvencións reguladas neste orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.353A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, por un importe de 150.000 € (cento cincuenta mil euros), que poderá ser ampliado dependendo da dispoñibilidade orzamentaria.

2. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de 20.000 € (vinte mil euros).

3. Signifícase que estas axudas poderán ser compatibles con outras para o mesmo fin, sempre que o importe total das subvencións non supere o investimento previsto para as actividades obxecto da subvención.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións os particulares, fundacións e asociacións legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, con domicilio social en Galicia, así como as que realicen as súas actividades culturais, de interese xeral, en Galicia. Valorarase a súa relevancia cultural, a continuidade no tempo e que o seu obxectivo principal sexa a recuperación da memoria histórica e, en especial, das vítimas da represión franquista.

2. Quedan excluídas aquelas que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura e Deporte e non xustificasen o seu investimento.

3. Non poderán ser beneficiarios desta orde as persoas ou entidades que se atopen nalgunha das situacións descritas no artigo 13.2º de Lei xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que desexen acollerse á presente orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida á conselleira de Cultura

e Deporte segundo modelo que figura como anexo, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das delegacións provinciais desta ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntarase a documentación seguinte:

a) Fotocopia do NIF ou da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

b) Declaración do solicitante das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas.

c) Memoria explicativa e detallada do programa de actividades que se pretenden realizar indicando o ámbito territorial e social destas.

d) Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

e) Memoria na que se describan as actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica realizadas ata o ano 2005 polo solicitante.

f) Acreditación de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Artigo 5º.-Proxectos subvencionables.

1. Aqueles que contribúan á recuperación da nosa memoria histórica e que sexan de interese cultural e social.

2. Investigación e homenaxe arredor das vítimas do golpe militar de 1936 así como da represión exercida no franquismo.

3. Recollida de testemuños orais tanto das vítimas como dos seus familiares co fin da reconstrución da historia.

4. A recompilación de documentación escrita, en versión orixinal ou en soporte dixital de documentos relativos ao levantamento militar de 1936, a posguerra e a construción da sociedade democrática galega.

5. A organización de cursos, congresos, seminarios ou xornadas así como a realización de exposicións acerca da recuperación da memoria histórica ou outros temas relacionados coas vítimas deste período.

6. O recoñecemento de intelectuais, artistas e personalidades do mundo da cultura que teñan sido perseguidas, asasinadas ou exiliadas pola defensa das súas ideas.

7. A recuperación da historia das mulleres, da represión exercida sobre elas e dos nomes das que foron asasinadas, perseguidas, apresadas ou se tiveron que exiliar neses duros anos.

8. Investigación arredor dos bens incautados, a súa procedencia e o seu destino, así como a recuperación do patrimonio democrático histórico.

9. Reconstrución a través de distintas expresións artísticas e culturais de episodios históricos de especial relevancia.

10. Investigación de fontes documentais e actuacións xudiciais relativas á represión. Estudo histórico de centros penitenciarios, campos de concentración e outros espazos represivos.

11. Estudos arredor da participación dos galegos e galegas na Segunda Guerra Mundial e das vítimas dos campos de concentración nazi.

12. Actividades encamiñadas ao recoñecemento do labor dos exiliados, á recuperación do patrimonio histórico-artístico desenvolvido nos países de destino e á homenaxe a todas as persoas que tiveron que abandonar o país para fuxir da represión.

Artigo 6º.-Valoración e resolución.

1. Recibidas as solicitudes de subvención e demais documentación, serán analizadas e valoradas por unha comisión presidida polo director xeral de Creación e Difusión Cultural e composta por dous representantes do Consello pola Memoria, o subdirector xeral de Creación e Difusión Cultural, a xefa do Servizo de Creación e Difusión Cultural, o xefe de Servizo do Libro e Bibliotecas, dúas persoas de recoñecido prestixio na recuperación da memoria histórica, designadas por proposta do director xeral de Creación e Difusión Cultural e un funcionario que actuará como secretario. A comisión de valoración poderá solicitar cantos informes considere necesarios para a elaboración do informe da valoración.

2. Os criterios de valoración serán os seguintes:

a) Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista cultural con especial valoración dos proxectos que contribúan ao fomento e difusión da cultura galega: ata 10 puntos.

b) Carácter continuado e non ocasional do proxecto: ata 5 puntos.

c) Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade: ata 5 puntos.

d) Repercusión territorial do programa ou actividade: ata 5 puntos.

e) Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: ata 5 puntos.

f) Capacidade divulgativa e de incidencia nos distintos niveis do ensino e en outros colectivos sociais: ata 5 puntos.

3. Unha vez analizadas e valoradas as solicitudes, o director xeral de Creación e Difusión Cultural elevará a proposta da comisión de valoración á conselleira de Cultura e Deporte que resolverá, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

### Artigo 7º.-Pagamentos e xustificación.

1. Unha vez concedida a subvención, e aceptada por escrito polo beneficiario, librarase a cantidade adxudicada, de acordo co establecido na normativa orzamentaria que sexa aplicable.

2. Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a xustificar os gastos, no prazo dos 10 días hábiles posteriores á realización das actividades, e en todo caso, antes do 1 de novembro do ano 2006, mediante a presentación dos xustificantes acreditativos, orixinal e dúas fotocopias de que a actividade foi realizada, xunto coa relación detallada destes, cunha memoria explicativa das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, así como dous exemplares da publicidade xerada.

### Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. A actividade subvencionada con cargo a esta orde deberá contribuir á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolve-ranse en galego.

2. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, debendo comunicar, á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, o lugar, o día e a hora da actividade subvencionada. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

3. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte -Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural- utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, e cumprirán así mesmo coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

4. No momento da xustificación da execución total do proxecto, e en calquera caso antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

5. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6. Os beneficiarios terán que achegar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, con destino ao Centro da Memoria, unha copia da gravación en soporte axeitado cando o proxecto sexa de recollida de memoria oral das vítimas, testemuñas ou familiares. Tamén deberán entregar o orixinal ou, se é

o caso, unha copia en soporte dixital con este mesmo destino cando se trate de documentación escrita ou outros materiais. Os responsables do proxecto comprométese a ceder unha copia do traballo á Consellería de Cultura e Deporte que poderá, se así o dispón, socializar esta obra.

### Artigo 9º.-Anulación e reintegro da axuda.

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruirá expediente sancionador, de conformidade co previsto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

### Artigo 10º.-Notificación e desestimación.

1. A resolución da convocatoria producirase no prazo máximo de tres meses a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, o sentido do silencio será negativo.

2. No caso daquelas solicitudes que foran desestimadas os solicitantes poderán, a partir desta data, retirar a documentación no prazo de 30 días seguintes.

### Artigo 11º.-Recursos.

Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a conselleira de Cultura e Deporte.

### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA**  
**E DEPORTE**

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A PARTICULARES, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS RELACIONADAS COA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CD205B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

ENTIDADE		CIF / NIF	
APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ÁMBITO DA ENTIDADE

**E, na súa representación:**

APELIDOS		NOME		DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		

**DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA**

Proxecto para realizar: \_\_\_\_\_

Ámbito territorial de realización do proxecto: \_\_\_\_\_

Cantidade solicitada: \_\_\_\_\_ Contía do proxecto: \_\_\_\_\_

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

Memoria explicativa das actividades que se queren realizar.

Orzamento de ingresos e gastos.

Breve memoria das actividades realizadas ata o ano 2005 e traxectoria cultural desta.

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 8 de xuño de 2006 pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica.
- Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei de orzamentos xerais da CAG para 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

<b>(Para cubrir pola Administración)</b>		NÚMERO DO EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conseleira de Cultura e Deporte

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 30 de maio de 2006 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.*

A Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, reformada pola Lei 8/1991, do 23 de xullo, creou o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade, como servizo de saúde da comunidade autónoma para a satisfacción das necesidades sanitarias da poboación e mellora do nivel de vida de saúde dos cidadáns galegos.

A Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, derroga a Lei 1/1989, mantendo a vixencia dos seus artigos 1 e 2. O título IV da Lei 7/2003, do 9 de decembro, constitúe a actual regulación do Servizo Galego de Saúde e recolle entre os seus fins a adecuada asignación dos recursos económicos afectos ao financiamento das prestacións e servizos de asistencia sanitaria e rehabilitación no ámbito da comunidade autónoma, tendo en conta as características socioeconómicas, sanitarias e poboacionais de Galicia.

Dentro deste marco, é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a ordenación da atención primaria da saúde no seu territorio.

O Servizo Galego de Saúde, consciente da importancia que no ámbito da sanidade teñen os centros de saúde que funcionan como puntos de atención continuada ou como zonas especiais de urxencias, regulados no Decreto 172/1995, e na Resolución conxunta do 15 de febreiro de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e das divisións de Recursos Humanos e de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, dirixidos a mellorar a atención dos cidadáns e a garantir unha atención á urxencia extrahospitalaria cun nivel óptimo de calidade e contando sempre coa presenza física dos profesionais sanitarios, e co obxecto de colaborar no mantemento dos puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias, en centros de saúde de titularidade municipal, que deben conservar e manter as corporacións locais galegas por formar parte do seu patrimonio, considera necesario establecer unha liña de subvencións correntes con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

A concesión de subvencións e axudas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia debe someterse ao cumprimento, entre outros, dos requisitos de publicidade, concorrència e obxectividade segundo o teor do sinalado no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, o que exige a realización da correspondente orde reguladora e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto, e en uso das facultades que me atribúen os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Obxecto.**

1. O Servizo Galego de Saúde poderá conceder subvencións, ata o límite sinalado na correspondente partida orzamentaria, ás corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.

2. Serán obxecto de subvención os gastos derivados do normal funcionamento dos puntos de atención continuada ou zonas especiais de urxencias asumidos polo concello: gastos de persoal non sanitario e os gastos correntes de auga, electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, seguranza, etc.

**Artigo 2º.-Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarios dunha subvención as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titulares dun centro de saúde en que funcione un punto de atención continuada ou unha zona especial de urxencias nos cales o Servizo Galego de Saúde estea prestando asistencia sanitaria.

**Artigo 3º.-Solicitudes.**

1. As solicitudes de subvención serán formuladas polo presidente da entidade local respectiva, segundo o modelo que se une como anexo I a esta orde, e xuntaráselles a seguinte documentación:

-Orzamento ou valoración económica dos gastos anuais previstos de mantemento do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias, desagregado en cada unha das partidas, de acordo co anexo II, acompañado de certificación do secretario do concello dos gastos do exercicio anterior (anexo III).

-Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, que aprobe a solicitude de subvención.

-Xustificación da titularidade do centro no que funciona o punto de atención continuada ou zona especial de urxencias e descrición del, incluíndo todos os elementos e características que poidan incidir nos criterios de concesión da subvención.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade por calquera outra Administración ou ente público.

-Outros datos que o concello considere de interese.

2. As solicitudes de subvención presentaranse no rexistro xeral do Servizo Galego de Saúde (edificio administrativo San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela), nos das súas direccións provinciais ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de